

ANUNCIO

Convocatoria e bases provisión praza en propiedade de arquitecto (funcionario de carreira). Concello de Valdoviño.

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Valdoviño, en data 26 de novembro de 2020, acordou aprobar as bases para a provisión en propiedade dunha praza de arquitecto/a (funcionario/a de carreira), incluída na oferta de emprego público (OEP) do ano 2018 e convocar o proceso de selección; praza coas seguintes características:

Grupo: A
Subgrupo: A1
Escala: Administración Especial
Subescala: técnica
Clase: técnicos superiores
Denominación: Arquitecto.

Como se sinala na Base 4ª, as solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse no prazo de VINTE DÍAS NATURAIS; prazo que se iniciará ao día seguinte da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE)

ANEXO

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A (FUNCIONARIO/A DE CARREIRA) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018 (Estabilización do emprego temporal. Lei 3/2017, 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017).

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2018, aprobada por acordo da alcaldía de 25-01-2019 e publicada no BOP da Coruña número 20 do 29/01/2019, e réxese polas seguintes normas:

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto o nomeamento en propiedade, a través do proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, dunha praza de ARQUITECTO/A, pertencente ó cadro de persoal de funcionarios de carreira, encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo "A", subgrupo "A1".

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións propias do posto obxecto da convocatoria están recollidas na RPT vixente.

2ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.

d) Estar en posesión do título de arquitecto/a ou grao universitario en arquitectura máis o master que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto (mínimo de 360 créditos ECTS: 300 no grao e 60 no master) ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios. Titulación que deberá acreditar mediante documento oficial expedido por organismo competente.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3ª.- DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 50,00 euros, de conformidade co disposto no artigo 5, concepto 1 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectivas do Concello de Valdoviño.

O dito importe poderase facer efectivo mediante carta de pago expedida polo Concello ou através de transferencia bancaria na conta do Concello de Abanca : IBAN ES47 2080 0213 5431 1000 0026, especificando dereitos de exame para de arquitecto.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 6 da citada Ordenanza Fiscal, aplicaranse as exencións e bonificacións contempladas no devandito artigo, debendo acreditarse conforme se sinala no mesmo.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde - Presidente, en modelo que se engade como ANEXO I. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Porta do Sol s/n) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS que se iniciará o día seguinte ó da publicación do derradeiro anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e

humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.

b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

c) Copia da titulación académica esixida na letra d) da Base segunda.

d) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios.

e) A acreditación do coñecemento da lingua galega se sé dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.

f) Para a valoración da fase de concurso, como requisito necesario, os aspirantes deberán achegar un índice que, resumindo a experiencia profesional e formación alegadas, exprese de forma ordenada a puntuación total e as parciais de cada sección e apartado, sumando as que consten individualizadas para cada mérito, segundo os criterios destas Bases.

O referido índice precederá ao conxunto de documentos xustificativos que resultan necesarios.

g) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir grampada, ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo a citada resolución publicarase, na web do concello (www.concellodevaldovino.com).

A inclusión das persoas aspirantes nas listas de admisión non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aquelas reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados/ as para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base novena.

a) Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, por Decreto do Alcalde aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Este

Decreto publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. De non existir exclusións, esta lista terá carácter definitivo, non dando lugar ao seguinte trámite.

b) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

c) Unha vez que remate o prazo de reclamacións, por Decreto do alcalde aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

d) Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección. Así mesmo a citada resolución publicarase na web do concello (www.concellodevaldovino.com).

6ª.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

a) Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco membros: Presidente/a e catro vogais, dos que un actuará de Secretario/a.

a) Un presidente, que será un funcionario designado polo Alcalde-Presidente.

b) Tres vogais, funcionarios designados polo Alcalde-Presidente.

c) Un secretario, que será o de a Corporación o funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

b) Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das dispostas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou realizasen tarefas de preparación a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/15, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma lei.

c) O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

d) Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

e) As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

f) O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

g) O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

h) O Tribunal que actúe nesta proba selectiva terá a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- PROCESO SELECTIVO

a) A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

b) O sistema de selección é o de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación.

c) Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

d) Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

e) Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

f) Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

g) Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

h) A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

7.1.- Fase de concurso

Esta fase non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A consideración deses méritos estará orientada a valorar a idoneidade da carreira profesional desenvolvida polas persoas candidatas para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas. Con este obxecto mediranse tanto as capacidades que demostra a experiencia acumulada en postos de traballo da Administración Pública como as aptitudes derivadas da súa formación especializada.

O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada con respecto aos méritos que se deben valorar.

Valorarase ata un máximo de 40 puntos, segundo o seguinte baremo:

a) Experiencia profesional

A experiencia profesional a valorar será a adquirida en postos de arquitecto das Administracións Públicas como persoal funcionario (de carreira ou interino) en prazas da mesma categoría que a convocada, a razón de 0,175 puntos por cada mes completo traballado, ata un máximo de 25 puntos.

A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e de fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral + certificado da Administración Pública de procedencia) suporá a non valoración do mérito alegado

Concederase máis mérito ao maior tempo traballado, en exercicio das facultades propias da súa especialidade, sen valorarse a docencia.

b) Formación Académica

b.1. Título de máster universitario ou equivalente, con formación académica en urbanismo. (puntuación máxima por este apartado 4 puntos)

- Mais de 100 créditos (valoración única por un o mais títulos 4 puntos)
- Menos de 100 créditos (valoración única por un o mais títulos 2 puntos)

A formación acreditarase mediante o título expedido, no seu caso homologado, polo organismo competente.

b.2. Cursos de formación directamente relacionados coas funcións das prazas. (puntuación máxima por este apartado 11 puntos)

Só se avaliarán os cursos impartidos ou recibidos das Administracións Públicas ou de Colexios profesionais e outras entidades sempre que estén homologados pola Administración, debidamente acreditados mediante o título ou certificación oficial correspondente, cuxo contido estea relacionado co exercicio das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, así como os de coñecemento da lingua galega.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración. Así mesmo, non se avaliarán os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

- Cursos de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP o superior de técnico de urbanismo da EGAP. (valoración única por un o mais cursos 3 puntos)
- Cursos de sistemas de información xeográfica. (puntuación máxima por este apartado 3 puntos)
 - Por cursos de duración superior a 200 horas. (valoración única por un o mais cursos 2 puntos)
 - Por cursos de duración menor o igual a 200 horas. (valoración única por un o mais cursos 1 punto)
- Outros cursos. (puntuación máxima por este apartado 4,50 puntos)
 - Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto por curso
 - Por cursos de duración comprendida entre 71 e 100 horas: 0,75 puntos por curso
 - Por cursos de duración comprendida entre 41 e 70 horas: 0,50 puntos por curso
 - Por cursos de duración comprendida entre 16 e 40 horas: 0,25 puntos por curso
 - Por cursos de duración menor o igual a 15 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos administrativos de lingua galega. (puntuación máxima por este apartado 0,50 puntos)
 - Título de linguaxe administrativa superior: 0,50 puntos
 - Título de linguaxe administrativa media: 0,25 puntos

(No caso de estar en posesión de distintos niveis na mesma titulación, valorarase unicamente o rango mais alto desa formación)

7.2.- Fase de oposición

A fase de oposición constará de 3 exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo necesario superar o primeiro para poder realizar o segundo e así sucesivamente. Valorarase ata un máximo de 60 puntos.

a) Primeiro exercicio (proba teórica)

Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con varias respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo II, tanto da parte xeral como da parte específica.

Para a realización deste exercicio os aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Nos supostos en que, por causa de errónea formulación, deba anularse algunha das preguntas, o Tribunal procederá a súa substitución pola que corresponda da lista de reserva, seguindo unha orde correlativa.

O exercicio será cualificado de 0 a 50 puntos (a razón de 1 punto por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 25 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as e non continuarán participando do proceso.

No caso de anulación de máis de 5 preguntas ratearase a puntuación total, de forma equitativa, entre as restantes que se consideren válidas. As respostas en branco penalizaran 0,25 puntos e as respostas incorrectas penalizaran 0,50 puntos,

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data e lugar de realización do segundo exercicio.

b) Segundo exercicio (proba práctica)

Consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias do programa que figura no anexo desta convocatoria, sobre os que se formularán varias cuestións diferentes que estarán centradas basicamente na súa parte específica.

Para a realización deste exercicio os aspirantes poderán utilizar textos legais (lexislación e normativa) pero non documentos de consulta nin medios dixitais ou telemáticos (salvo calculadora científica estándar).

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, repartidos equitativamente entre todas as cuestións formuladas.

Na valoración terase en conta a orde e claridade estrutural da exposición gráfica e escrita, a correcta identificación dos feitos presentados, o apropiado fundamento legal que se utilice, a capacidade para relacionar as distintas disposicións aplicables e a lóxica da alegación razoada; así como se considerará, especialmente, a precisión e síntese das conclusións achegadas.

Para superar a proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 que se asignan como máximo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as e non continuarán participando do proceso.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio.

c) Terceiro exercicio (proba de coñecemento da lingua galega)

Dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO/A”, sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar no proceso selectivo.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG número 146, do 30 de xullo de 2007

8ª.- PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS

As persoas aspirantes poderá presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e na de oposición. O Tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior o das prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 2ª da presente convocatoria; ou que soliciten a excedencia de forma inmediata e no mesmo día da súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira do Concello de Valdovíño.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- 1º.- A nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.
- 2º.- A nota máis alta no segundo exercicio da fase de oposición.
- 3º.- A puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional da fase do concurso.
- 4º.- A puntuación máis alta no apartado de formación da fase de concurso.

10ª.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO ASPIRANTE PROPOSTO

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo Tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do Tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que serán os indicados na Base 2ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

11ª.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como funcionario de carreira ao aspirante correspondente notificándosele a tal efecto. Esta resolución do alcalde publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir da referida publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

12ª.- NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases a a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño

Don/dona con DNI número
con enderezo a efectos de notificacións en rúa
nº..... piso C.P. Tlfno.:

Enterado/a da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2018 e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 2ª da convocatoria.

SOLICITA:

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 4ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico: e o seu teléfono móbil no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

Declara coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete o seu cumprimento.

En..... , a, de, de 2020

Asdo.

ANEXO I
INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS CON AUTOVALORACIÓN

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Enderezo a efectos de notificación:

Teléfono:

SOLICITO participar no proceso no proceso de selección dun/ dunha praza de ARQUITECTO, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2018, segundo as bases de data _____, co cumprimento dos requisitos contemplados no punto segundo das bases e aporte da seguinte documentación:

- 1) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa: SI NON
- 2) Fotocopia DNI/NIE: SI NON
- 3) Fotocopia Título Arquitecto ou grao universitario en arquitectura máis o master que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto: SI NON
- 4) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios: SI NON
- 5) Acreditación do coñecemento da lingua galega: SI NON
- 6) Experiencia profesional (maximo 25 puntos) :

Empresa/Administración	Posto	Período		Total	Puntos
		Dende	Ata	Meses	

- 7) Formación académica (Máximo 15 puntos):

- b.1)** Título de máster universitario ou equivalente, con formación académica en urbanismo. (puntuación máxima por este apartado 4 puntos)

Denominación	Impartido por	Núm. de créditos	Puntos

- b.2)** Cursos de formación directamente relacionados coas funcións das prazas:

- Cursos de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP o superior de técnico de urbanismo da EGAP. (valoración única por un o mais cursos 3 puntos)

Denominación	Impartido por:	Núm. de horas	Puntos

- Cursos de sistemas de información xeográfica. (puntuación máxima por este apartado 3 puntos)

Denominación	Impartido por:	Núm. de horas	Puntos

- Otros cursos. (puntuación máxima por este apartado 4,50 puntos)

Denominación	Impartido por:	Núm. de horas	Puntos

- Cursos administrativos de lingua galega. (puntuación máxima por este apartado 0,50 puntos)

Denominación	Impartido por:	Núm. de horas	Puntos

En Valdoviño a _____ de _____ de 2020

Asdo.

Porta do Sol S/N – 15552 – Valdoviño (A Coruña). Tel. 981487041 – Fax. 981487294

ANEXO II: TEMARIO

PARTE XERAL

- Tema 1. A Constitución Española do 27 de decembro de 1978.
- Tema 2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
- Tema 3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo común das Administracións públicas..
- Tema 4. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Tema 5. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Tema 6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- Tema 7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Tema 8. Lei orgánica orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Tema 9. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Tema 10. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Tema 11. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Tema 12. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Tema 13. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Tema 14. Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Tema 15. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Tema 16. Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Tema 17. Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 (derrogada), en todo o que non se opoñan á Lei 9/2017.

PARTE ESPECÍFICA

- Tema 1. O marco legal do urbanismo en España. Evolución histórica. Lexislación urbanística estatal e autonómica precedente. Competencias. As sentenzas STC 61/1997, STC 164/2001, STC 141/2014 e STC 143/2017 do Tribunal Constitucional.
- Tema 2. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Tema 3. Real decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo.
- Tema 4. Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa.

- Tema 5. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Tema 6. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.
- Tema 7. Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.
- Tema 8. Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Tema 9. Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Tema 10. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- Tema 11. Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral.
- Tema 12. Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia; complementado por Resolución da CMAOT do 06.08.2018. .
- Tema 13. Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Tema 14. Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
- Tema 15. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
- Tema 16. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Tema 17. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Tema 18. Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.
- Tema 19. Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Tema 20. Real decreto 2816/1982, do 27 de outubro, do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Tema 21. Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Tema 22. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Tema 23. Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Tema 24. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Tema 25. Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Tema 26. Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humedais protexidos e se crea o Inventario de humedais de Galicia.
- Tema 27. Decreto 30/2015, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do humedal protexido Lagoa e areal de Valdoviño

- Tema 28. Lei 21/2013 de avaliación ambiental.
- Tema 29. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 30. Real Decreto 374/1996 do 23 de febreiro, polo que se modifica as servidumes aeronáuticas establecidas no aeroporto da Coruña
- Tema 31. Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas, modificado polo Real Decreto 297/2013, do 26 de abril.
- Tema 32. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Tema 33. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Tema 34. Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
- Tema 35. Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico.
- Tema 36. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia.
- Tema 37. Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia.
- Tema 38. Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.
- Tema 39. Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Tema 40. Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.
- Tema 41. Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral.
- Tema 42. Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre
- Tema 43. Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español.
- Tema 44. Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Tema 45. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Tema 46. Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
- Tema 47. Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.
- Tema 48. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Tema 49. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
- Tema 50. Lexislación sobre portos, turismo, industria, comercio, comunicacións, cemiterios e demais normativa sectorial.
- Tema 51. Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Tema 52. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos.

- Tema 53. Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.
- Tema 54. Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación enerxética dos edificios.
- Tema 55. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 56. Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia do fornecemento de enerxía
- Tema 57. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Tema 58. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- Tema 59. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Tema 60. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 61. Orde VIV 561/2010, do 1 de febreiro, polo que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
- Tema 62. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Tema 63. Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE).
- Tema 64. Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios
- Tema 65. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais
- Tema 66. Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído.
- Tema 67. Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Tema 68. Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Tema 69. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia.
- Tema 70. Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Tema 71. Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Tema 72. Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado
- Tema 73. Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Tema 74. Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Tema 75. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

- Tema 76. Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Tema 77. Reais decretos 39/1997, 485/1997, 486/1997, 773/1997, 1215/1997, 1254/1999, 614/2001 e 393/2007.
- Tema 78. Decreto 232/1993, do 30 de setembro, sobre o control da calidade na edificación de Galicia.
- Tema 79. Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.
- Tema 80. Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14.03.2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE).
- Tema 81. Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.
- Tema 82. As infraestruturas de datos espaciais de España (IDEE), de Galicia (IDEG) e da provincia da Coruña (ideAC). Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
- Tema 83. Encadre territorial do Concello Valdoviño. Características socioeconómicas e urbanas. Afeccións territoriais segundo o Plan Básico Autonómico
- Tema 84. Decreto 189/2003, del 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente as entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG 25.03.2003)
- Tema 85. As Normas Subsidiarias de Planeamento do Termino municipal do Concello de Valdoviño (BOP 12.05.1994)
- Tema 86. Modificación Puntual nº 4 das NSP., titulada "Incorporación dos sistemas xerais de espazos libres de Pantín, Baleo, Meirás este e Meirás oeste", aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o 29-1-1999. (BOP 13.02.1999)
- Tema 87. Modificación Puntual nº 8 das NSP., titulada "Modificación da ordenanza referente a edificacións auxiliares en solo urbano, zona residencial extensiva, (art. 114)", aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o 29-1-1999. (BOP 13.02.1999)
- Tema 88. Modificación Puntual nº 9 das NSP., titulada "Modificación do réxime urbanístico, para os edificios existentes á entrada en vigor das NSP., construídos conforme normativas anteriores", aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o 29-1-1999. (BOP 13.02.1999)
- Tema 89. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 293 de 22-12-2008).
- Tema 90. Ordenanza reguladora do outorgamento de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios (BOP nº 22 de 27-01-2001).
- Tema 91. Ordenanza reguladora venda ambulante no concello de Valdoviño (BOP nº 139 de 24-07-2015).
- Tema 92. Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do concello de Valdoviño (BOP nº 13 de 21-01-2014).
- Tema 93. Ordenanza reguladora das plantacións forestais e froiteiras, con respecto á conservación do uso dos terreos colindantes e a prevención contra incendios forestais no concello de Valdoviño (BOP nº 148 de 06-08-2015).
- Tema 94. Regulamento do servizo de saneamento e abastecemento de auga (BOP nº 185 de 27-09-2010).
- Tema 95. Ordenanzas nº 8 (Taxa de saneamento) e 16 (prezo público polo subministro de auga a domicilio) (BOP nº 2 Bis de 03-01-1990).

Tema 96. Ordenanza reguladora do uso das praias no concello de Valdoviño (BOP nº 210 de 25-09-2009).

Tema 97. Ordenanza fiscal xeral de contribucións especiais (BOP nº 293 de 22-12-2008).

Tema 98. Ordenanza Xeneral de limpeza do Concello de Valdoviño (BOP nº 108 de 14-05-1999).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Valdoviño, 26 de novembro de 2020

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández.